



| Guía Docente          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |          |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|-----------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|--------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Datos Identificativos |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |          | 2023/24            |                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Asignatura (*)        | Traballo fin de Mestrado                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |          | Código             | 613836007                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Titulación            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |          |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Descriptoros          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |          |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Ciclo                 | Período                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Curso    | Tipo               | Créditos                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| Mestrado Oficial      | 2º cuatrimestre                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Primeiro | Obrigatoria        | 6                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| Idioma                | CastelánGalego                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |          |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Modalidade docente    | Presencial                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |          |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Prerrequisitos        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |          |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Departamento          | Letras                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |          |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Coordinación          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |          | Correo electrónico |                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Profesorado           | Acin Villa, Esperanza<br>Alvarez Caccamo, Celso Maria<br>Fernández Ferreiro, Manuel<br>Ferreiro Fernandez, Manuel<br>Gonzalez Garcia, Luis<br>López Viñas, Xoán<br>Mascato Rey, Rosario<br>Perez Pascual, Jose Ignacio<br>Sanchez Palomino, Maria Dolores                                                                                                                                                                                                  |          | Correo electrónico | esperanza.acin@udc.es<br>celso.alvarez.caccamo@udc.es<br>manuel.fernandez.ferreiro@udc.es<br>manuel.ferreiro@udc.es<br>luis.gonzalezg@udc.es<br>xoan.lopezv@udc.es<br>rosario.mascato@udc.es<br>jose.ignacio.perez.pascual@udc.es<br>maria.dolores.sanchez.palomino@udc.es |
| Web                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |          |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| Descrición xeral      | Este traballo é de carácter obrigatorio e permite a avaliación dos coñecementos e as habilidades adquiridos polo alumno/a durante a realización do máster, así como a madurez científica alcanzada e a súa capacidade investigadora.<br><br>O traballo fin de mestrado será realizado de forma individual polo/a estudante baixo a supervisión dun profesor tutor. O labor de titorización tamén poderá desenvolverse coordinadamente por dous profesores. |          |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                            |

| Competencias / Resultados do título |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código                              | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                                                |     |                                     |     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                                                |     | Competencias / Resultados do título |     |
| Capacidade para formular unha investigación (acoutar o tema, solicitar información e buscar os recursos necesarios, elaborar un protocolo experimental) ou un proxecto que integre e desenvolva os coñecementos adquiridos para a súa aplicación nun ámbito profesional. | AI1 | BI1                                 | CM6 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          | AI3 | BI2                                 | CM8 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          | AI5 | BI3                                 |     |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          | AI7 | BI6                                 |     |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          | AI8 | BI8                                 |     |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          | AI9 | BI9                                 |     |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          |     | BI10                                |     |
| Capacidade de extraer conclusións dos resultados obtidos e abrir perspectivas de futuro.                                                                                                                                                                                 |     | BI1                                 | CM3 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          |     | BI2                                 | CM4 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          |     | BI3                                 | CM5 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          |     | BI5                                 | CM7 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          |     | BI7                                 |     |
|                                                                                                                                                                                                                                                                          |     | BI9                                 |     |
| Capacidade para adaptar o discurso escrito á situación académica, tanto no que respecta ao estilo, a estruturación e o uso de técnicas tipográficas.                                                                                                                     |     | BI4                                 | CM1 |
| Capacidade para adaptar o discurso oral á situación de defensa do traballo.                                                                                                                                                                                              |     | BI4                                 | CM1 |



| Contidos                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Temas                                                                                                                          | Subtemas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| O traballo fin de máster versará sobre algún aspecto relacionado coas materias obrigatorias ou optativas que curse o alumnado. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os dicionarios en liña e o seu papel nas tecnoloxías lingüísticas</li> <li>- Lexicografía e metalexicografía</li> <li>- Fenómenos que mostran a interfase entre Sintaxe, Semántica e Fonoloxía suprasegmental</li> <li>- Análise do discurso e conflitos sociais e ideolóxicos</li> <li>- Análise do discurso e patoloxías</li> <li>- Estratexias e tácticas de normalización e de planificación aplicábeis ao caso galego</li> <li>- Sociolingüística e políticas lingüísticas</li> <li>- Recopilación e estudo de terminoloxías</li> <li>- Semántica e sintaxe: estudos contrastivos</li> <li>- Tipoloxía textual na rede</li> <li>- Dicionarios e ensino de español lingua estranxeira</li> <li>- Contacto de linguas</li> <li>- Bilingüismo, plurilingüismo e ensino de linguas</li> </ul> |

| Planificación                                                                                                            |                                                                             |                                         |                         |              |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas                                                                                                    | Competencias / Resultados                                                   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Presentación oral                                                                                                        | B4 C1 C3                                                                    | 1                                       | 0                       | 1            |
| Traballos tutelados                                                                                                      | A1 A3 A5 A7 A8 A9<br>B1 B2 B3 B4 B5 B6<br>B7 B8 B9 B10 C1 C4<br>C5 C6 C7 C8 | 0                                       | 144                     | 144          |
| Atención personalizada                                                                                                   |                                                                             | 5                                       | 0                       | 5            |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado |                                                                             |                                         |                         |              |

| Metodoloxías        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|---------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Metodoloxías        | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| Presentación oral   | Exposición verbal a través da que o alumnado presentará o seu traballo e responderá ás preguntas, comentarios e suxestións feitas polo membros da Comisión Avaliadora.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Traballos tutelados | <p>O alumno definirá un tema concreto dentro dalgunha das liñas de investigación do mestrado.</p> <p>O traballo fin de mestrado será realizado de forma individual polo/a estudante baixo a supervisión do director ou directores do traballo.</p> <p>Son funcións do director: facilitar as orientacións precisas para a elaboración do traballo fin de mestrado por parte do alumno; supervisar a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos e a súa adecuación ás presentes normas; e dar o visto bon para a inscrición e a presentación do traballo fin de mestrado.</p> |

| Atención personalizada |                                                                                              |
|------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|
| Metodoloxías           | Descrición                                                                                   |
| Traballos tutelados    | O/a estudante terá, cando menos, un profesor tutor que guiará a realización do seu traballo. |

| Avaliación   |                           |            |               |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |



|                     |                                                                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |    |
|---------------------|-----------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Traballos tutelados | A1 A3 A5 A7 A8 A9<br>B1 B2 B3 B4 B5 B6<br>B7 B8 B9 B10 C1 C4<br>C5 C6 C7 C8 | <p>Aínda que é obvio que a estrutura do TFM depende en gran medida do tema elixido, aconséllase que inclúa os seguintes apartados:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Capa que incluíra, obrigatoriamente, o emblema e o nome das tres Universidades, o nome da Facultade na que está matriculada o/a alumno/a, o nome do mestrado, o título do traballo, o nome do autor ou autora, o visto e prace manuscrito do profesorado titor co seu nome e o ano de presentación.</li><li>2. Índice do traballo con paxinación</li><li>3. Resumo do traballo</li><li>4. Introducción, que deberá incluír os obxectivos do traballo e a explicación e a xustificación da metodoloxía utilizada</li><li>5. Corpo do traballo</li><li>6. Conclusións</li><li>7. Referencias bibliográficas</li></ol> <p>O traballo fin de mestrado terá unha extensión mínima de 40 páxinas e máxima de 60, sen contar os anexos. O texto terá un espazo de interliñado de 1.5 e o tamaño da letra será de 12 puntos.</p> | 80 |
| Presentación oral   | B4 C1 C3                                                                    | <p>O/a estudante disporá de 15-20 minutos para presentar o seu traballo. Recoméndase que inclúa na súa presentación os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>·Introdución: problemática obxecto de estudo e seu interese</li><li>·Fundamentación teórica: delimitación dos conceptos que fundamentan o desenvolvemento do traballo.</li><li>·Fundamentación metodolóxica: metodoloxía que se seguiu para o alcance dos obxectivos definidos, e os datos obtidos mediante a súa aplicación</li><li>·Resultados: principais resultados obtidos</li></ul> <p>É aconsellable que o/a estudante acompañe a súa presentación oral de material de soporte visual, auditivo, etc., por exemplo, mediante unha presentación PowerPoint ou OpenOffice Impress, pero a presentación oral NON pode constituír a mera lectura de devandito material.</p>                                                                                                                                      | 20 |

## Observacións avaliación

Lea con atención:

- 1) Calquera plaxio identificado será motivo de descualificación do TFM. Entenderase por plaxio: calquera cita literal (curta ou longa) presentada como propia (sen comiñas, etc.) e sen referencia da autoría, calquera apropiación das ideas ou metodoloxía dun autor ou autora que non se mencione nas referencias (sexa quen sexa: autor/a individual ou colectivo, dunha publicación impresa ou dun documento electrónico ou de uso restrinxido, páxina web, ou traballo que se está a levar a cabo por parte dun compañeiro ou compañeira, etc.).
- 2) A titorización do traballo por parte do director ou directora é obrigatoria. Arbitraránse os mecanismos necesarios para o seguimento das diferentes etapas do proceso de elaboración. Non se permitirá a presentación e defensa dun traballo que no sexa supervisado ao longo da súa elaboración.



## Fontes de información

|                             |                                                 |
|-----------------------------|-------------------------------------------------|
| Bibliografía básica         | Serán proporcionadas polo director do traballo. |
| Bibliografía complementaria |                                                 |

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías